

Pregón Feira do Libro, Vigo 28 de xuño de 2018

Manuel Bragado

Dedico estas palabras ao mestre Xabier Docampo que fixo da vida relato e reclamou
dignidade para o libro galego

Señor alcalde, autoridades da Xunta de Galicia, presidenta da asociación de librerías de Galicia, miñas amigas e meus amigos:

Fíxome moi feliz o convite de Pilar Rodríguez propoñéndome que recuncase na lectura do pregón da Feira do Libro de Vigo, xusto neste ano no que tras case tres décadas en Xerais abandonei a primeira liña do meu oficio como editor. Quen me coñece sabe que tanto a reflexión sobre o libro e a lectura como a mirada sobre o estado da abella da ribeira, ese revolcado volcán de dinamismos do viguiño de noso, son dúas das miñas maiores querenzas e angueiras. Síntome, pois, moi honrado de acometer esta difícil encomenda de animar aos vigueses e viguesas a participar activamente nos vindeiros dez intensos días de conspiración lectora a desenvolver nesta Porta do Libro que, por ventura (grazas, señor alcalde!), festexamos ao pé do Sireno, a primeira icona do Vigo de entre séculos.

Nas nosas lecturas está, en palabras do mestre Agustín Fernández Paz, o rastro que deixamos, un itinerario individual único e intransferible, que nos singulariza como seres humanos, xa que achega experiencia para a memoria e nos enfrenta a realidades inéditas ou descoñecidas ou simplemente a novos conceptos que entran en conflito co que até entón criamos coñecer. Un rastro de experiencia lectora cuxas primeiras pedriñas, non o esquezamos, deitamos xa de picariños e que se alonga a vida enteira. Ademais, o escritor Juan Mata, que leva afondando nas relacións entre cerebro e lectura, pon en evidencia que a aprendizaxe da lectura provoca cambios profundos na estrutura cerebral das crianzas. E máis aínda, que nas

propias persoas adultas a lectura dunha novela produce un aumento significativo da conectividade neuronal, actividade que se mantén durante os días seguintes. «Ler tal ou cal novela en galego de Pedro Feijoo ou Leticia Costas estimula a conectividade cerebral durante semanas», podería ser un bo reclamo nas redes sociais. En definitiva, a lectura é unha actividade cerebralmente saudable e socialmente moi rendible.

Confeso sen vergonza que na miña escola salesiana dos anos sesenta liamos ben pouco. Apenas lembro as tardes de teatro lido protagonizadas pola vidas de Domingo Sabio o Juan Bosco e a pegada daquel *Lecturas históricas*, un groso volume en tapa dura, publicado por ediciones SM, aconsellado para alumnado de ingreso, o cuarto grao que faciamos aos dez anos. Unha escolma infumable de xestas daquela España imperial que con todo estimulaba a nosa imaxinación e alentaba o noso desexo de ler. Como lembro, tamén, que o primeiro libro que merquei do meu peto, na librería Galdós da Falperra, situada nos baixos da Panificadora, foi *Fabiola, o la iglesia de las catacumbas*, unha novela decimonónica do cardeal Wiseman, ambientada na persecución dos cristianos en Roma a principios do século IV. Un título daquela colección ilustrada de Bruguera na que tantos do meu tempo comezamos a deitar pedriñas no noso rastro de lecturas.

Unha colección dalgún xeito semellante ás que o editor vigués Eugenio Barrientos López deseñou na editorial Cíes, que dende 1941 a 1958 tivo a súa sede na Librería Tetilla da rúa Elduayen (a que aspiramos sexa axiña peonil), dedicada a publicación de postais de Vigo. «Tetilla», como era coñecido popularmente Barrientos, foi un auténtico xenio da edición, aínda non abondo recoñecido. Inventou na triste España de 1945 o formato da novela de peto («bolsilibro») e dun curioso sistema de distribución por kioscos, no que tanto se vendían como se prestaban os libros.

Axudado polo famoso editor catalán Ramón Sopena, Barrientos comezara o seu labor editorial publicando novelas policiais e románticas. Cando coñeceu en Portugal as novelas americanas de «pulp fiction», puxo en marcha senllas coleccións de novela popular, «Biblioteca X» (200 títulos de novela policial) e «Rodeo» (800 títulos de novela do oeste), que pasaría á historia como a colección deste tipo por excelencia, na que publicaron os seus dous principais autores: Marcial Lafuente Estefanía e Fidel Prado. Sen esquecer a Corín Tellado, a famosísima autora asturiana, que tamén publicou as súas primeiras obras en Cíes, na colección «Princesita» de novela sentimental (200 títulos), na que o propio Estefanía chegaría a publicar algún baixo pseudónimo feminino.

Os libros de Cíes creábanse en Vigo, as xeitosas portadas a cor preparábanas en Barcelona os ilustradores Moreno e Tomás Porto, eran compostos, impresos e encadernados con fío cosido en Bilbao por Artes Gráficas Grijelmo ou en Madrid pola imprenta Maeza e, finalmente, distribuídos para toda a España dende o almaceniño da editorial viguesa en Elduayen onde un encargado e dúas rapazas facían os paquetes que se enviaban por correos. Un increíble modelo de edición popular periférica en tempos de dura posguerra, que desenvolveu un catálogo de case 1.500 títulos, estimándose que puido chegar a publicar seis millóns de exemplares das súas novelas veloces de xénero romántico e de vaqueiros que formaron como lectores e lectoras a millóns de persoas. Cíes solicitaba escritores en anuncios nos principais xornais de España baixo o lema: «Editorial Cíes. Creadores de rotundos éxitos».

A editorial Cíes publicou, ademais, libros de literatura xuvenil de rancio sabor franquista, en coleccións de edición acartanoda como «Amenus» ou «Galatea», ademais de series de banda deseñada como «El pirata cobra blanca» (1947), «Máscara verde» (1949) ou «Rodeo infantil» (1947-1949), auténticas pioneiras do xénero.

A increíble aventura do editor Eugenio Barrientos López rematou en 1958. Con anterioridade, en 1951, Marcial Lafuente Estefanía, o seu autor estrela, refuxiado coa súa familia nun segundo piso das casas de Pernas de Travesas, non puido rexeitar unha importante proposta económica da editorial Bruguera de Barcelona, a principal competidora de Cíes. Por certo, a historia viguesa de Marcial Lafuente Estefanía ben merecería atención. Enxeñeiro de profesión, durante a guerra chegou a ser xeneral do exército republicán. Comezou a escribir no cárcere e foi a saída, en 1943, cando recomendado polo carmelita padre Eladio se trasladou a Vigo onde presentou ao editor Barrientos as dúas primeiras novelas, que tamén serían as primeiras de Cíes. Eis unha relación fecunda entre autor e editor, xa que Estefanía chegou a escribir dúas novelas por semana e Barrientos a vender nos momentos de maior apoxeo 30.000 ou 40.000 exemplares de cada título.

Aquel soño de «Tetilla» de edición popular en tempos difíciles (lembrando a Juan Farias), a pesar de durar apenas catorce anos, constituíu o fito máis brillante (e descoñecido) da historia da edición en Vigo na primeira metade do século XX, que sesenta anos despois merecería ser recoñecido pola cidade, incluíndo por fin a Eugenio Barrientos no seu rueiro ou bautizando quizais algunhas das futuras bibliotecas vigueses. Un soño de facer libros en Vigo que proseguirían os editores galeguistas como Xosé María Álvarez Blázquez e Francisco Fernández del Riego, a fronte de edicións Castrelos e editorial Galaxia, consolidado dende os anos oitenta nas editoras contemporáneas viguesas, xa profesionalizadas, como Xerais, Ir Indo, Nova Galicia, A Nosa Terra e Cardeñoso.

Xaora, a continuidade das proezas dos editores que fixeron de Vigo a capital editorial de Galicia e unha das cidades de referencia para a edición española, corre hoxe serio perigo.

O sector da edición afronta hoxe os efectos perversos da homoxeinización dos imaxinarios culturais; dos cambios de hábitos e de lecer no lectorado provocados en boa medida pola diabete informativa, ese ler en tempos de premura, que nos impide procesar toda a avalancha de textualidade que recibimos polos medios electrónicos; da concentración da comercialización do libro en mans de xigantes multinacionais da loxística e da desaparición dalgunhas pequenas librarías de cultura (espazos privilexiados para gozar desta biodiversidade), da minusvalorización do valor do libro como produto cultural, onde se incentiva máis a compra de coches ou perfumes, pero non a de libros... Síntomas todos da crise internacional do libro, da lectura e da edición na que estamos instalados.

Crise á que non é allea, tampouco, o libro galego, unha arboriña medrada nos últimos case setenta anos, que agora, cando xa ten un porte significativo (conta cun catálogo histórico de 30.000 títulos e un catálogo vivo, o dispoñible na rede de librarías de máis de 10.000), resiste á intemperie os efectos dun temporal que ameaza tronzala. Un sector, o do libro, recoñecido como estratéxico para Galicia na lei do libro e da lectura de 2006, aprobada por unanimidade polo Parlamento Galego, mais castigado polo actual Goberno Galego, que na última década reduciu nun 80 % a adquisición de novidades en galego ou rebaixou noutro tanto (si nun oitenta por cento, oíron ben) as axudas para a edición de materiais didácticos en galego, dous dos recortes brutais das políticas do libro da Xunta de Galicia, xustificados para respectar as políticas de diminución do déficit público. Que a verdade non parecen ser tan ríxidas, xa que a pasada fin de semana coñeciamos que os fondos destinados polo programa Xacobeo 21 para a edición dun gran libro sobre a Catedral de Santiago, coeditado coa igrexa católica, serán superiores á cantidade anual que destina a Xunta de Galicia a adquisición de novidades en galego para bibliotecas

públicas. Outra noticia desacougante que fala por si mesma, retratando a un sector que pasou de ser estratéxico a ser sector sacrificado.

Dificultades ás que non son alleas, tampouco, as librarías galegas asediadas tanto pola sobreproducción das editoras, que nalgúns ocasións asolagan as mesas de novidades con títulos de escaso interese cultural que dificultan o mantemento dos libros de fondo; como polos efectos xa devastadores da crise do sector do libro de texto, sometido a un proceso irreversible de dixitalización e de socialización dos materiais didácticos, que obriga a repensar o futuro deste tipo de edición que supuxo até agora case a metade da facturación do sector.

No entanto as librarías, como as propias feiras do libro, a pesar da súa fragilidade actual, son espazos de biodiversidade cultural (un concepto ecolóxico do que deberíamos apropiarnos), e como tales deben ser mimados e protexidos como institucións indispensables para o benestar da comunidade.

A supervivencia da librería é, como a causa social da lectura, un auténtico problema de estado. Cada palabra impresa posúe o ADN da súa autora, cada páxina editada expresa o soño da súa editora, cada libro publicado constitúe un neurotransmisor de vida e coñecemento, cada librería aberta funciona coma un pulmón que renova o aire que respiramos, cada feira de libro expresa os azos de futuro da comunidade de lectores e lectoras onde se asenta.

Dificultades de editoras, librarías e creadoras que, lonxe de desanimarnos, deberían obrigarnos a repensar cál debe ser o novo vieiro a seguir para preservar a frescura do pan da cultura, deste produto que é un ben cultural, indispensable para garantir o benestar á calquera sociedade. Os libros conteñen o inventario máis completo do mundo e da condición humana. Os libros son, roubándolle as palabras a Harold Bloom, unha creación

memorable que ideou a humanidade para acceder a un dos praceres máis profundos dos que pode gozar un ser humano en soidade: o milagre da lectura, o de participar na natureza única de quen escribe e de quen le; ou, como expresou a escritora María Reimóndez «a calidade literaria dun libro é un servizo ao ser humano, á xustiza e á igualdade».

Alén dese espazo de intimidade privilexiada, ademais do esforzo e da disciplina que require o acto da lectura, os libros quedaron vencellados, desde hai dous séculos, aos conceptos de liberdade, cidadanía e democracia. Como defende o escritor Manuel Rivas cada libro é un ser vivo, portador do xenoma humano da súa autora e de todos os seus lectores e lectoras. Os libros, por esta razón, teñen capacidade de reexistir e reinventarse en cada lectura.

O característico dos libros non é o de presentarse hoxe como unha serie de follas de celulosa, impresas e cosidas ou pegadas pola esquerda, formando un miolo; nin o será no futuro se se presenta (non o sabemos) baixo o aspecto dunha pantalla portátil. A alma dos libros, de hoxe ou de mañá, é inmorredoirá xa que se atopa na presenza das palabras conformando un tecido textual disposto para a lectura. A alma dos libros atopouna de forma demoledora Montag, o xefe dos bombeiros encargados de queimar os libros na sociedade futura, que Ray Bradbury creou en *Fahrenheit 451*, cando xustificou que lía a pesar de estar prohibido: «Sinto que detrás de cada libro hai unha persoa que me fala».

Eis, reside a perdurabilidade e permanencia diso que chamamos libro, vencellado para sempre coa condición intrinsecamente humana da linguaxe escrita. No século XXI os libros non poden ser definidos polo seu soporte ou aparencia, senón pola actividade que promoven: a lectura. Os libros son máquinas analóxicas ou dixitais xeradoras de lectura.

Vou rematando. Hai razón abondas que aconsellan promover a lectura entre a toda a cidadanía e coidar ao sector do libro dunha sociedade. E, entre todas as actividades que a fomentan, polo momento, poucas hai máis eficaces que a celebración de feiras, festas e encontros protagonizados polos libros, moito máis aínda cando estes acontecementos decote son os máis notables e concorridos de cada comunidade local.

Unha feira do libro é un gran encontro anual das militantes fantasía da lectura, das amantes e seguidoras desta multiferramenta xeradora de biodiversidade, igualdade, coñecemento, pracer e convivencia. Cada feira do libro é unha festa da lectura e un foco de civilización. Con certeza que así o será esta Feira do Libro de Vigo na que por ventura festexamos a liberación de *Fariña*, un libro inxustamente secuestrado durante varios meses.

Unha feira viguesa que debe ser capaz de reinventarse, irmandándose con outras da contorna atlántica, singularmente coa de Porto, un modelo de éxito e participación popular. Unha feira que debe procurar a participación dos lectores e lectoras, para o que se podería crear un premio para os libros máis vendidos en cada unha das nosas linguas. Unha feira que tras o éxito rotundo da presenza este pasado ano do pergameo Vindel debería constituír o xerme do gran festival literario internacional que Vigo precisa, ese *Vigo llegit* que convoque o diálogo da nova creación literaria galega, unha nómina extraordinaria de autores e autoras de diversas xeracións que tanto nos orgulla, con figuras da literatura internacional que como Verne e Hemingway saben do carácter de Vigo como cidade literaria, cidade de novela, capital editorial atlántica.

Que a estrela dos libros sexa a que nos guíe.